

Resolución da Alcaldía de nomeamento dun docente para o módulo de Xardinaria-Forestal do Obradoiro dual de Emprego “Cambados Ruta Marítima Camiño de Santiago”

Expediente 4887/2020

1. Vista a providencia de Alcaldía de data 26.04.2021 pola que se acorda iniciar un proceso selectivo para o nomeamento e contratación dun Docente para o módulo de Xardinaria-Forestal por cese do titular.
2. Vistas as Bases de Selección e a convocatoria do Obradoiro dual de Emprego “Cambados Ruta Xacobeá Camiño de Santiago”
3. Vista a Acta de proposta de nomeamento do Tribunal Cualificador de 24.05.2021, na que se procedeu, á avaliación dos méritos aportados polos/as aspirantes ao *posto de Docente do módulo de Xardinaria-Forestal* e consonte á Base décima, acadándose o seguinte resultado:

Docente XARDINERÍA- FORESTAL. AGAO0108/AGAR0309. Nivel 1		
NÚM.	APELIDOS E NOME	TOTAL
1	BERNÁRDEZ VILLEGAS, JOSÉ GASPAR	8,03
2	NOGUEIRA REY, ANA	4,80
3	PEÑA BRETT, AURIMARY	4,51

4. Visto que o Tribunal Cualificador, por unanimidade, e en cumprimento do disposto na Base décimo primeira do proceso selectivo, **acordou:**

Declarar aprobado e propoñer á Alcaldía a contratación para o posto de Docente do Módulo de Xardinaria-Forestal a:

D. José Gaspar Bernárdez Villegas

5. A Vista da proposta de contratación formulada polo Tribunal Cualificador e en uso das competencias en materia de xefatura de persoal atribuídas pola lexislación de réxime local,

RESOLVO:

1. Nomear como **Docente do módulo de Xardinaria-Forestal**, mediante un contrato de obra ou servizo determinado a xornada completa, dende o 01.06.2021 ata o



29.09.2021 o abeiro do artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015 do 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e de acordo co establecido, Orde do 27 de decembro de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento TR353A). a, con efectos do 01.06.2021 a :

D. José Gaspar Bernárdez Villegas

2. Ordenar a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Edictos do Concello.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte a súa publicación; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte publicación é de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Cambados
(Asinado dixitalmente á marxe)

